



Guía Docente

Datos Identificativos				
Asignatura (*)			Avaliación de Políticas Públicas	
Código			2024/25	
Titulación			611532011	
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Alló Pazos, María	Correo electrónico	maria.allo.pazos@udc.es	
Profesorado	Alló Pazos, María	Correo electrónico	maria.allo.pazos@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.gal/			
Descrición xeral	O obxectivo desta materia é, por unha banda, entender a importancia da avaliación na xestión das políticas públicas e, por outro, aprender a realizar estudos de avaliación de impacto de políticas públicas en distintos ámbitos e contextos, e con distintas metodoloxías. A materia ten un enfoque práctico: o estudo de casos prácticos de avaliación.			

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer o marco institucional da economía. Identificar e anticipar problemas económicos relevantes nos ámbitos público e privado.	AM2	BM6 BM8	CM4
Capacidade de elaborar medidas de política económica para alcanzar uns obxectivos dados. Capacidade de xerar reflexións propias sobre problemas de natureza económica e os seus efectos sociais e éticos.	AM3	BM6 BM8	CM1 CM4 CM5
Fomentar a actitude crítica e autocrítica.		BM8	CM1 CM4 CM5

Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1. Fundamentos de avaliación de políticas públicas.	1.1 A avaliación de políticas públicas no marco da nova gobernanza. 1.2. Conceptos básicos de avaliación de políticas públicas: tipoloxías de avaliación.
Tema 2. Cuestións metodolóxicas.	2.1 Monitoraxe e avaliación. 2.2 Avaliación cualitativa e cuantitativa. 2.3 Teoría básica de avaliación de impacto.
Tema 3. Avaliación de impacto de políticas públicas.	3.1 Aleatorización. 3.2 Metodoloxías de avaliación de impacto. 3.3 Ameazas e análises.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A3	10	0	10



Estudo de casos	B6 B8 C1 C4 C5	0	20	20
Proba mixta	A2 A3 B6 B8 C1 C4	1	9	10
Prácticas a través de TIC	A3 B6 B8 C1 C4 C5	5	20	25
Atención personalizada		10	0	10

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral, apoiada en medios audiovisuais, que inclúe conceptos teóricos e exemplos prácticos. Todas as horas son presenciais.
Estudo de casos	Seguimento da aprendizaxe do alumnado nas sesións programadas a través da súa participación nas mesmas e da realización e defensa dos casos propostos. Todas as horas son presenciais.
Proba mixta	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas. Todas as horas son presenciais.
Prácticas a través de TIC	Los alumnos deben realizar, con el apoyo y dirección de los profesores, las aplicaciones empíricas que les sean propuestas. Todas las horas son presenciais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Estudo de casos	Con carácter xeral e para todas as metodoloxías, ten como fin promover unha aprendizaxe autónoma dos estudantes e a resolución de problemas, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Tanto as titorías de grupo reducido, como as individuais ou grupais realizaranse de forma virtual.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A2 A3 B6 B8 C1 C4	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.	30
Estudo de casos	B6 B8 C1 C4 C5	Seguimento da aprendizaxe do alumnado nas sesións programadas a través da súa participación nas mesmas e da realización e defensa dos casos propostos	70

Observacións avaliación



Requírense coñecementos de inglés, especialmente na comprensión lectora, xa que unha parte do material que se facilitará ao alumno está nesta lingua.

A cualificación final consta de dúas partes:

Parte A.-Exame: 30% da cualificación.

Parte B.-Estudo de casos: 70% da cualificación.

A nota agregada deberá ser igual ou superior a 5 puntos sobre 10 para poder superar a materia.

Normativa de avaliación:

-En caso de realizarse probas presenciais: Condicións de avaliación:

1. Está prohibido acceder a aula do exame con calquer dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.
2. Identificación do estudantado: O estudantado ha de acreditar a súa personalidade dacordo coa normativa vixente.

Tipos de calificación:

1. Calificación de no presentado: Corresponde ao alumnado, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a calificación final, con independencia da calificación alcanzada.
2. Estudantado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial: Excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva final, para as restantes probas acordarse ao inicio do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación. Neste caso empregárase a plataforma virtual e o correo electrónico como vehículo de comunicación principal para a xestión de contidos, atención personalizada e entrega de casos.

Oportunidades de avaliación:

Os criterios de avaliación son os mesmos

para a primeira e a segunda oportunidade de cada convocatoria, así como para

a convocatoria adiantada. No caso de non superar a materia na primeira oportunidade,

pódese gardar a puntuación dos casos prácticos (parte B), ou pódense recuperar os casos prácticos, que deberán presentarse tres días antes da data sinalada para a proba oficial.

Outras observacións da avaliación: Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios (2010). Fundamentos de Evaluación de Políticas Públicas.. Madrid: Ministerio de Política Territorial y Administración Pública. Agencia Estatal de Evaluación d
- Khandker, S. R., Koolwal, G. B., y H. A. Samad (2010). Handbook on Impact Evaluation.. Washington: The World Bank.
- Gertler, P., Martínez, S., Rawlings, L., Premand, P., Vermeersch, C.M.J (2016). La evaluación de impacto en la práctica. Grupo Banco Mundial

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Métodos Cuantitativos/611532004

Técnicas de Investigación/611532006

Técnicas Económicas/611532003

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Recomendacións:1) A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático.b. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.2) Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.3) Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase no entorno para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.4) Facilitarase a plena integración do alumnado que por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou soculturais, experimenten dificultades a un acceso adecuado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.PERSPECTIVA DE XÉNERO-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas).-Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.-Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías